



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a quince de outubro de mil novecentos noventa e tres.

VISTO o expediente de clasificación do Monte como veciñal en man común denominado "POMBO", a solicitude dos veciños de LAMAS, parroquia de Lamas, Concello de Xinzo de Limia.

RESULTANDO que con data 10 de outubro de 1988, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, asinado por D. Julio Castro Mosquera, D. Julio Martínez Lorenzo e outros veciños do pobo de LAMAS, no Concello de Xinzo de Limia, solicitando se declare o Monte "POMBO" coma veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 1 de marzo de 1989, acordou tomar en consideración o





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte "POMBO" designando instructor do mesmo a D. MANUEL BOUZAS COSTA, quen aceptou tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo de LAMAS ó Ilmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial de Ourense, ó Presidente da Cámara Agraria Local, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Xinzo de Limia, e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industrias Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia, durante o prazo de un mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello de Xinzo de Limia, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poideran comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación.

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Xinzo de





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

Limia, como segue: Monte "POMBO" ó Tomo 591, libro 130 de Xinzo, folio 150, finca número 19.564, anotación A.

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódolas formalidades legais.

VISTOS, A Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei de Procedemento Administrativo de 17 de xullo de 1958.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten Xurisdicción e competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten coma características esenciais as seguintes: 1) Que os condminos únense por vínculos personais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Lamas no Concello de Xinzo de Limia.

Os datos do citado monte son:

- Superficie: 6 Has.

- Lindes:

N.: Rio Limia.

S.: Herdeiros de Sergio Losada.

E.: Pista.

O.: Pista.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo de LAMAS, están conformes coa - - - clasificación do citado monte como veciñal en man común.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación, iniciouse po Acordo do Xurado, a instancia dos veciños do pobo de LAMAS, para que iste Xurado poida acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO.- CLASIFICA-lo monte denominado "POMBO" de 6 Has. de superficie a favor dos veciños do pobo de LAMAS, parroquia de Lamas, no Concello de Xinzo de Limia, e cos lindeiros descritos no Considerando terceiro, coma veciñal en man en réxime de comunidade xermánica.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro Público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde - Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta Resolución poiden interpoñer-lo Recurso de Reposición perante este Xurado Provincial no prazo de UN MES a partir do día seguinte a súa publicación coma previo ó Contencioso - Administrativo perante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



[Handwritten signatures and marks]



Oficina Virtual del Catastro

CARTOGRAFÍA CATASTRAL


Provincia de OURENSE
Municipio de XINZO DE LIMIA
Proyección: U.T.M. Huso: 29



(600,918 ; 4,657,867)

(602,118 ; 4,657,867)

**TERMINO MUNICIPAL
DE SANDIAS**



(600,918 ; 4,657,217)

(602,118 ; 4,657,217)

Coordenadas del centro: X = 601,518 Y = 4,657,542

Este documento no es una certificación catastral

© Dirección General del Catastro 28/10/08